

ACTA NÚM. 2/2020.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2020.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 27 de febreiro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA.(PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
PABLO LAGO SANMARTÍN.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Patricia Coence Antelo.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN NÚM. 1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO 2020.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2020 E PLANTILLA DE PERSOAL.

1º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN NÚM. 1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO 2020.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 26.02.2020, que transcrita di:

I. ANTECEDENTES:

A relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Brión, foi aprobada polo Pleno en sesión de data 31 de xullo de 2019, e publicada no BOP de A Coruña nº 149, de data 8 de agosto de 2019.

Considerando esta alcaldía a necesidade de modificar o posto de Xefe de obras municipais, con código 03.02.00.01, que actualmente se encontra vacante.

Tendo en conta que na Unidade de Obras e Servizos xa se contemplan dous postos de encargados que se ocupan das labores de supervisión, coordinación e organización do persoal adscrito a dita Unidade, considerase procedente a reconversión de dito posto por outro máis necesario co obxecto de reforzar as tarefas que se levan a cabo na referida Unidade de Obras e Servizos.

Polo tanto, procedese á transformación do referido posto, nun posto de Oficial I condutor, co obxecto de reforzar as actuacións de conservación e mantemento das vías públicas e camiños de competencia municipal, que se levan a cabo desde a Sección de Vías.

Vistos o informe de técnico xurídico da empresa contratada en materia de recursos humanos Galivalia Consulstgo S.L., de data 14 de febreiro de 2020, e o informe de secretaria do 20 de febreiro de 2020.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que atribúe ao Pleno a competencia para aprobación da relación de postos de traballo.

- Artigos 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Á vista do exposto propónse que o Pleno como órgano competente adopte, se procede, e previo ditame da Comisión Informativa, o seguinte acordo:

1º) Realizar as seguintes adaptacións no persoal, relación de postos de traballo e organigrama:

1. Creación do seguinte posto de traballo:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO	CORPO ESCALA GRUPO	GRUPO	NIVEL	C.E. (14 PAGAS)	PROV.	R.N.	TITULACIÓN*	ADM.	OBSERVACIÓNS
03.02.02.05	OFICIAL I CONDUCTOR	L	S.C.	IV/V	14	7.920,00	C	U.E	SEN ESIXENCIA DE TITULACIÓN	A.L.	0

2. Amortización do seguinte posto de traballo que se encontra vacante:

- Xefe de obras municipais, con código 03.02.00.01

2º) Aprobar a matriz para a determinación dos complementos específicos e de destino do posto de nova creación que figura de seguido:

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO

DENOMINACION	RESPONSABILID	D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDO ND

CODIGO		RE. O	DI- CON	RELO							
		PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	
03.02.02.05	OFICIAL I CONDUCTOR	60	9	63	111	78	5	45	63	434	450

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO

CODIGO	DENOMINACION	ESPECIALI.		RESPONSABILIDADE			COMP.	XEF.M	COMPLEX		PUNTOS	REDONDEO	GRUPO	NIVEL
		F. BAS	F. CO	RES. O	DI/CO N	REL. O			TERR.	FU NC				
		PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS			PTOS	PTOS				
03.02.02.05	OFICIAL I CONDUCTOR	30	10	28	6	49	15	20	42	39	239	250	IV/V	14

3º) Aprobar as funcións do posto de traballo que figuran de seguido.

CÓDIGO	03.02.02.05
DENOMINACIÓN	OFICIAL I – CONDUCTOR
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS. UNIDADE DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS. SECCIÓN DE VIAS
TIPO DE PERSOAL	L
CATEGORÍA	S.C
GRUPO	IV/V
FUNCIÓNS	<p>Manexo dos vehículos utilizados para o desenvolvemento dos traballos propios da sección, e baixo a directa supervisión do encargado.</p> <p>Asumir a conservación e mantemento básico dos vehículos utilizados.</p> <p>Colaborar na realización das restantes funcións asumidas pola unidade, e que entren dentro da súa capacitación profesional.</p> <p>Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.</p>
OBSERVACIÓNS	

4º) Aprobar inicialmente a modificación núm.1 da relación de postos de traballo 2020 que figura especificada e dispoñer, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que esta modificación sexa sometida a información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de vinte días, a efectos de que se formulen, no seu caso, as reclamacións, suxestións e alegacións que se estimen procedentes. De non producirse estas a aprobación elevarase a definitiva.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor:13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2020 E PLANTILLA DE PERSOAL

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 26.02.2020, que transcrita di:

Confeccionado o orzamento xeral do Concello correspondente ao exercicio económico 2020 así como as súas bases de execución e plantilla de persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e visto o informe de intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio económico 2020, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	2020
Capítulo 1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.048.081,32
Capítulo 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	74.242,54
Capítulo 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.343.163,71
Capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.655.578,03
Capítulo 5	INGRESOS PATRIMONIAIES	3.452,01
Capítulo 6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS	0,00
Capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	596.702,78
Capítulo 8	ACTIVOS FINANCIEROS	24.000,00
Capítulo 9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
OPERACIÓNS NON FINANCIERAS o recursos		6.721.220,39
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>		6.124.517,61
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>		596.702,78
OPERACIÓNS FINANCIERAS		24.000,00
TOTAL		6.745.220,39

ESTADO DE GASTOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	2020
Capítulo 1	GASTOS DE PERSOAL	2.420.825,11
Capítulo 2	GASTOS BENS CORRENTES/SERVICIOS	2.711.229,82
Capítulo 3	GASTOS FINANCEIROS	5.100,00
Capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	564.210,21
Capítulo 5	FONDO DE CONTIGENCIA Y OTROS IMPREV.	
Capítulo 6	INVERSIONS REAIS	1.019.855,25
Capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
Capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	24.000,00
Capítulo 9	PASIVOS FINANCIEROS	
OPERACIONES NON FINANCEIRAS o empregos		6.721.220,39
<i>OPERACIONES CORRENTES</i>		5.701.365,14
<i>OPERACIONES DE CAPITAL</i>		1.019.855,25
OPERACIONES FINANCEIRAS		24.000,00
TOTAL		6.745.220,39

2º) Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo, reservados o persoal funcionario, persoal laboral e eventual.

3º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2020, as bases de execución e a plantilla de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

4º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto coa plantilla de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que na confección do orzamento participamos todos os concelleiros do equipo de goberno e contouse coa total implicación do persoal de cada servizo, e chegouse a acordo na Mesa Xeral de Negociación; hai que dicir que é o mellor orzamento que se pode facer cos vimbios que temos, pois seguimos en crise, non temos orzamentos xerais do Estado e a regra de gasto ten paralizados moitos cartos do Concello, non hai préstamos previstos, e temos previsto executar un proxecto de reparación de estradas de aproximadamente un millón de euros, procederase ao pagamento da segunda anualidade da finca para o auditorio e que o anexo de investimentos é de algo máis de un millón, tendo en conta que a maioría das obras do Concello se fan por administración; en materia de gasto social se incrementan as horas de axuda no fogar de 15.000 a 29.300 e espero que este orzamento mereza a súa aprobación.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que tiñamos dúbidas numéricas en canto a algunhas partidas que foron clarexadas onte na comisión informativa, polo que non me parece respectuoso volver a dicilas aquí; quero mostrar o meu agradecemento ás persoas implicadas na elaboración do orzamento, e tamén o felicito por ter recibido o documento con tempo, e esperamos que non sexa só este ano; penso que o orzamento debía ser máis participativo para que os veciños teñan a posibilidade de expresar as súas ideas, que hai un incremento pequeno respecto do ano pasado como dixo o alcalde e estamos contentos polo nivel de execución do orzamento de 2019 e somos conscientes da imposibilidade de executar o remanente dispoñible

coa regra de gasto existente, esperemos que o goberno de Madrid cambie isto, porque ademais os bancos nos cobran por ter os cartos.

Remata o Sr. Concelleiro sinalando que consideramos que os orzamentos son unha ferramenta necesaria e o BNG se son lóxicos e co incremento en gasto social que hai non porá impedimentos para a súa aprobación, estaremos vixiantes para que se executen, e por iso votaremos a favor.

O Sr. Alcalde sinala que quero agradecer o ton do seu discurso.

A Sr^a. Concelleira Fariña Bellón sinala que é positivo e votaremos a favor polo incremento en gasto social e polas obras previstas.

O Sr. Alcalde sinala que é un orzamento, e estamos abertos a algo que se queira engadir ou modificar, e ver se o podemos facer.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor:13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte e tres minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González